

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

INICIATIVA DE GADIS

Ler a Álvarez Blázquez nas bolsas do súper

Os supermercados do grupo repartirán bolsas coa imaxe e textos do autor, así como varios milleiros de exemplares de 'Santa Matriusca', de Iria López.

Redacción - 09:02 06/05/2008

Ao igual que o pasado ano con [María Mariño](#), [Gadis](#) fará o seu particular recoñecemento ao autor homenaxeado no *Día das Letras*, empregando a súa imaxe e palabras en millóns de bolsas da compra. No 2007 foron catro millóns e medio de bolsas de plástico as que repartiu a empresa, e ao redor de dez mil exemplares do libro *A noite de reis* de Xosé Díaz Dopico. Nesta ocasión Gadis fai o mesmo con Xosé María Álvarez Blázquez, cuxa imaxe encherá nas vindeiras semanas as bolsas dos supermercados do grupo.

A presentación desta campaña terá lugar este mércores pola mañá no [Centro Galego de Arte Contemporánea](#) de Santiago de Compostela, coa presenza de Xosé María Álvarez Cáccamo, fillo do autor. Tamén estará presente Iria López Teixeira, de cuxo libro máis recente, [Santa Matriusca](#), repartirá Gadis nesta ocasión un total de vinte mil exemplares.